

PROCESO ELECTORAL FEDERACIÓN GALEGA DE TRIÁTLON E PÉNTATLON MODERNO.

NOTA INFORMATIVA RESPECTO ÁS DELEGACIÓN DE VOTO E REPRESENTACIÓN DE CLUBES NA ASEMBLEA DE ELECCIÓN DE PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA.

Aclaración previa.

Tendo en conta o artigo 24 apartado 3 *“O voto dos membros da asemblea será único, non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto”*

Dende a Xunta Electoral, consideramos que este artigo se refire exclusivamente á cuestión de que cada asembleario soamente poda presentar un voto.

Cuestión diferente é a de representación dos clubs para a *“elección de presidencia da federación”*, xa que consideramos dende a Xunta Electoral que se debe de diferenciar entre delegación e representación; a delegación é na que unha persoa física ou xurídica porta o voto de outro e vota en nome deste, pola outra banda, a representación, unha persoa xurídica cuxa representación ostentada polo presidente designa a outro suxeito para exercer dita representación.

Polo tanto informamos que:

A representación dos clubs pode ser ostentada por outra persoa que non sexa o presidente sempre que esta veña debidamente acreditada, podendo facela dos seguintes xeitos.

Vía correo electrónico, dende a conta de correo do club o presidente designará a un membro da Xunta Directiva a delegación desta entidade, débese acreditar a que o designado forma parte da directiva mediante a imaxe escaneada do certificado da directiva rexistrado na Xunta de Galicia.

Presencial, antes de comezar a asemblea entregando o documento orixinal da delegación de voto asinada polo presidente e unha copia do certificado da directiva rexistrado na Xunta de Galicia.

En Lugo a 29 de novembro de 2018.



Asdo.: Antón Rodríguez Prieto
Secretario da Xunta Electoral
Co visto e Prace do Presidente